



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 26 DE MAIO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00024201D.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00058990F.

Licenza para construción de vivenda unifamiliar en Larañiño.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 26/10/2022 e a documentación presentada o 12/05/2023, cun orzamento de execución material de 227.603,75 €, a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela con referencia catastral 001400300NH34E0001FS sita no Larañiño Santiago de Compostela (A Coruña)

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00023985T.

Licenza de obras para reforma de vivenda en piso primeiro do edificio sito R.San Pedro, 23.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico presentado o 29/09/2022 e documentación do 30/12/2022 e do 05/803/2023, cun orzamento de execución material de 14.890,00 €, obras de reforma de vivenda en piso primeiro do edificio sito na rúa de San Pedro, 23 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00031947P.

Licenza de obras para reforma de edificación situada no Cantón do Toural, 2.

Acórdase:

PRIMEIRO.- CONCEDER licenza de OBRAS DE REFORMA de edificación sita na RÚA DO CANTÓN DO TOURAL, 2, segundo Proxecto básico e de execución con selo de visado de data 26/05/2022 e anexos con data de rexistro de 04/11/2022, 22/12/2022, 23/03/2023 e Proxecto de Infraestrutura común de telecomunicacións co visado colexial de 09/12/2022, cun orzamento de execución material de 343.763,18 €.

As actuacións consistirán en obras de rehabilitación de edificación de catro plantas cunha superficie construída total de 796,20 m², destinándose a planta baixa (189,80 m²) e primeira (202,57 m²) a restaurante e as plantas segunda (202,57 m²) e terceira (201,26 m²) a vivenda.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza do recinto intramuros do Plan Especial de protección e rehabilitación da Cidade Histórica.

5. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00042695S.

Aprobación provisional do Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no sistema xeral SU-3 (Tambre Norte).

Acórdase:

Primeiro. Aprobar provisionalmente o Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no sistema xeral SU-3 (Tambre Norte), formulado de oficio polo Concello de Santiago, segundo o documento reformado presentado o 25 de maio de 2023.

Segundo. Remitir o documento provisionalmente aprobado, xunto co expediente administrativo tramitado, a informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

6. PLANEAMENTO. Referencia: 2022/00023211N.

Aprobación inicial do Plan parcial de ordenación do SUND-4 (Rebordaos).

Acórdase:

Primeiro. Aprobar inicialmente o Plan parcial de ordenación do SUND-4 (Rebordaos), promovido por iniciativa particular de LUIS GIGIREY Y OTROS CB, e elaborado por ANAYA ARQUITECTOS. O documento que se somete a aprobación inicial é o que consta presentado o día 5 de maio de 2023, coas emendas que se relacionan no informe emitido pola arquitecta municipal o día 26 de maio de 2023.

Como condición para a apertura do trámite de participación pública, a promotora deberá presentar un documento refundido que integre todas as cuestións relacionadas no citado informe técnico.

Segundo. En aplicación do procedemento regulado nos artigos 75.1 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 186.1 do seu Regulamento, o plan parcial inicialmente aprobado someterase a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior difusión na provincia. Simultaneamente, practicarase notificación persoal aos propietarios de todos os terreos afectados, segundo figuren no Catastro.

Durante o trámite de información pública solicitaranse os informes sectoriais preceptivos (Patrimonio Cultural, Augas, Estradas, Telecomunicacións, Aviación Civil), e darase traslado ás empresas subministradoras de servizos afectados. Así mesmo, solicitarase o informe da Intervención Municipal sobre o estudo de sostibilidade económica.

7. ARQUEOLOXÍA. Referencia: MYTAO 2023/12635N .

Aprobación do proxecto acondicionamento do edificio para “Centro de Interpretación Rupestre de Villestro” en relación solicitude de subvención nominativa da Deputación da Coruña. Dentro do Convenio do parque “Compostela Rupestre”.

Acórdase:

Aprobar o proxecto de acondicionamento do edificio para “Centro de Interpretación Rupestre de Villestro” coas seguintes condicións:

Orzamento

O.E.M. (Orzamento de Execución Material) 163.398,88 €

O.B.L. (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.) 186.631,83 €

O.B.L. (IVE engadido) **225.824,51 €** (O.E.C. + 21% I.V.E.)

O prazo de execución previsto é de 6 meses.

Este prazo establececese á marxe de posibles retrasos na execución da obra por falta de dispoñibilidade da totalidade do ámbito de intervención por parte da empresa adxudicataria causada por fases ou ámbitos de actuación sucesivos determinados polo servizo de tráfico a efectos de garantir unha mínima continuidade no sistema viario urbano o calquera outra condición allea a empresa que xustifique unha prolongación da execución do contrato. Neste caso, a vista das novas condicións establecidas, o Concello e a empresa adxudicataria pactaran os novos prazos correspondentes coherentemente cós tempos e ritmo de execución ofertados no seu día no correspondente plan de obra.

8. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00020894Z.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda, correspondente á prestación do servizo de conservación, mantemento, reposición e implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento (CON/11/2015), correspondente ó mes de marzo de 2023, levada a cabo por ACEINSA, por importe de 41.417,56€.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago, correspondente ó mes de marzo de 2023.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de corenta e un mil catrocentos dezasete con cincuenta e seis euros (41.417,56€), a prol da entidade ACEINSA, con imputación orzamentaria 060 13300 2270101 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

9. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: Omision S/2023/100.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación de facturas S/2023/100, facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 5.262,01 euros e que comeza pola número F/2023/883 por importe de 109,55 euros emitida por Ricoh España SLU e finaliza pola número F/2023/1298 por importe de 58,21 euros, emitida por Solitium SL en concepto de servizos de copadoras en diversas instalacións municipais correspondente entre xaneiro e febreiro de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CINCO MIL DOUSCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON UN CÉNTIMO (5.262,01) que comeza pola factura F/2023/883 por importe de 109,55 euros e remata pola factura número F/2023/1298 por importe de 58,21 euros, todas elas en concepto de servizo de copadoras en distintas dependencias municipais correspondente entre xaneiro e febreiro de 2023.

Terceiro. Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

10. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: Omision funcion interventora Telefonica.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por UTE D TELEFONICA DE ESPAÑA SAU TELEFONICA MOVILES en concepto de servizo de prestación do Plan Corporativo e Conexións fixas e mobiles correspondente ao período marzo de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de (13.027,48 €), segundo a relación de facturas S/2023/118, que figuran no expediente, en concepto de (2) prestación polo plan corporativo e conexión correspondente ao período de marzo de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: Omisión S/2023/113.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación de facturas S/2023/113, (17) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 3.160,74 euros, e que comeza pola número F/2023/1426 por importe de 58,21 euros emitida por Solitium e finaliza pola número F/2023/1681 por importe de 482,66 euros, emitida por VSM Sistemas Coruña en concepto de (17) facturacións por servizos de copadoras en diversas municipais correspondente ao período entre xaneiro e marzo de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL CENTO SESENTA EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (3.160,74 €) que comeza pola factura número F/2023/1426 por importe de 58,21 euros e remata pola factura número F/2023/1681 por importe de 482,66 euros, todas elas en concepto de servizo de copadoras en distintas dependencias municipais correspondente ao período entre xaneiro e marzo de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

12. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.

Referencia: Validación omisión función interventora S/2023/66.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (24) emitidas pola empresa Sistemas de Seguridade A-1, SL, en concepto de servizos de mantemento de extintores e alarmas en distintas dependencias municipais correspondentes ao período que abrangue desde xaneiro a marzo do ano 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL CINCOCENTOS VINTE E SETE EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (3.527,91 €) segundo relación contable de facturas S/2023/66 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/489 por importe de 94,94 euros, e remata pola factura número F/2023/1830 por importe de 238,90 euros, emitidas pola empresa Sistemas de Seguridade A-1, SL.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

13. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.

Referencia: Validación omisión función interventora S/2023/101.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (13) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes de decembro de 2022 a marzo de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de VINTE E DOUS MIL NOVENTA E SEIS EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (22.096,81 €), segundo relación contable de facturas S/2023/101 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/826 por un importe de 1.695,00 euros emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L. e remata pola factura número F/2023/1548 por un importe de 1.590,00 euros emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

14. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR.

Referencia: Validación omisión función interventora S/2023109.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da facturas (2) emitidas por “Neumáticos Pájaro, SL.” en concepto de subministración de pneumáticos para vehículos do Parque Móbil do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao período de febreiro e marzo do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (637,57 €), que comeza pola factura número F/2023/951 por importe de 606,11 euros e remata pola número F/2023/1712 por importe de 31,46 euros, expedidas pola empresa NEUMÁTICOS PÁJARO, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00017947B.

Aprobación do expediente de contratación das "Obras de execución do proxecto de "Senda peonil en Silvouta" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña., cun orzamento base de licitación de 119.874,48 €.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación das Obras de execución do proxecto de "Senda peonil en Silvouta" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña., cun orzamento base de licitación de **119.874,48 €** (base imponible de 99.069,82 € máis IVE do 21% de 20.804,66 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 119.874,48 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 (Código de proxecto: 2022 2 PPROV 35 5) no que existe crédito adecuado e suficiente.

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00022482S.

Aprobación do expediente de contratación do Servizo de implantación e posta en funcionamento do sistema de sinalética intelixente do patrimonio cultural da cidade de Santiago de Compostela, cun orzamento base de licitación de 597.539,49 €.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do Servizo de implantación e posta en funcionamento do sistema de sinalética intelixente do patrimonio cultural da cidade de Santiago de Compostela, cun orzamento base de licitación de 597.539,49 € (base imponible de 493.834,29 € máis IVE do 21% de 103.705,20 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 597.539,49 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 43200 6400000 (Código de proxecto: 2020 2 PSTUR 61 1 PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA), na que existe crédito adecuado e suficiente.

17. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00015012C.

Aprobación do expediente de contratación do Servizo dunha Oficina Técnica para a xestión e soporte integral dun Concurso Internacional de Iluminación ornamental e artística da contorna monumental da Catedral de Santiago de Compostela, cun orzamento base de licitación de 303.454,62 €

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do Servizo dunha Oficina Técnica para a xestión e soporte integral dun Concurso Internacional de Iluminación ornamental e artística da contorna monumental da Catedral de Santiago de Compostela, cun orzamento base de licitación de 303.454,62 € (base imponible de 250.788,94 € máis IVE do 21% de 52.665,68 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 303.454,62 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 43200 6400000 (Código de proxecto: 2020 PSTUR 61 1).

18. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00018462C.

Aprobación do expediente de contratación Obras de execución da "Rede de Itinerarios Sostibles para a Redución da Pegada de Carbono (Fase I - Entorno Intermodal)", cun orzamento base de licitación de 307.519,38 €.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado Obras de execución da "Rede de Itinerarios Sostibles para a Redución da Pegada de Carbono (Fase I - Entorno Intermodal)", cun orzamento base de licitación de **307.519,38 €** (base impositiva de 254.148,25 € máis IVE do 21% de 53.371,13 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación de acordo co artigo 159 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 307.519,38 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 030 15321 6090000 (Código de proxecto: 2022 2 EDUSI 1 1), na que existe crédito adecuado e suficiente.

Esta operación está incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

19. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00020054W.

Aprobación do expediente de contratación das Obras de execución do proxecto "Restauración do entorno dos ríos Sarela, Sar e Vilar" cofinanciado polo FEDER 2014-2020 (EDUSI - REVIVE COMPOSTELA), cun orzamento base de licitación de 341.590,13 €.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado Obras de execución do proxecto "Restauración do entorno dos ríos Sarela, Sar e Vilar" cofinanciado polo FEDER 2014-2020 (EDUSI - REVIVE COMPOSTELA), cun orzamento base de licitación de **341.590,13 €** (base impositiva de 282.305,89 € máis IVE do 21% de 59.284,24 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación de acordo co establecido no artigo 159 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 341.590,13 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 030 17210 6090000 (Código de proxecto: 2017 EDUSI 12 1), na que existe crédito adecuado e suficiente.

Esta operación está incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020.

20. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00052182A.

Adxudicación do contrato das "Obras de execución do proxecto de "Senda peonil Rúa da Medorra" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña" a OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.

Acórdase

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto a contratación das Obras de execución do proxecto de "Senda peonil Rúa da Medorra" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña a OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL cunha proposición económica de 139.190,08 € sen IVE, que cun IVE do 21% por importe de 29.229,92 € suma un total de **168.420,00 €**

Desígnase como responsable do contrato ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal , de acordo coa cláusula 19 do PCAP.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 168.420,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 (2022 2 PPROV 35 4).

21. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00008490P.

Adxudicación do contrato das "Obras de reurbanización da Praza de León" a ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS, S.L.U. por un importe de 155.000,00 € (IVE excluído).

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto o das Obras de reurbanización da Praza de León a ÁREA PROYECCIÓN, CONSTRUCCIÓN Y

SERVICIOS SLU. Presenta unha proposición económica de 155.000,00 € (IVE excluído por importe 32.550,00 €).

Ademais, ofertou unha ampliación do prazo de garantía de 5 anos a maiores do mínimo requirido nos pregos, amplía o orzamento das medidas de control de calidade e o orzamento das medidas de control ambiental nun 2% por riba do mínimo obrigatorio exixido no proxecto.

Desígnase como supervisor do contrato ao xefe do Servizo de Obras e Proxectos, de acordo co apartado 3.3 da portada do PCAP.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de **187.550,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria 030 15321 6190000 (Código de proxecto 2022 2 EDUSI 2 1), na que existe crédito adecuado e suficiente.

22. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00036041N.

Adxudicación do “Servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do Departamento de Deportes do Concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto, o “Servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do Departamento de Deportes do Concello de Santiago de Compostela” á empresa PREZERO ESPAÑA SAU, por un importe total de **943.676,77 €** (base imponible: 779.898,16 €, IVE do 21%: 163.778,61 €).

A empresa adxudicataria, compromete:

- Un prezo de 1,07 euros/ m2 SIN IVA (1,3 euros/ m2 CON IVA) para a subministración, a maiores do mínimo establecido no prego técnico, de tepe para campos de herba natural.
- Un prezo de 1.487,60 euros/ tonelada SIN IVA (1.800 euros/ tonelada CON IVA) para a subministración, a maiores do mínimo establecido no prego técnico, de caucho TE termoplástico para recheo dos campos de herba sintética.

A empresa adxudicataria ofrece como melloras:

. Mellora 1. A substitución de 500 m2 de rede recollebalóns de poliamida de alta resistencia, especial exteriores, de como mínimo 4 mm de grosor de fío e unha malla de 100mmx100mm a colocar nas instalacións obxecto de contrato.

. Mellora 2. A ampliación do sistema de rega da zona anexa ao campo de San Lázaro II.

A supervisión e control deste contrato corresponde ao departamento municipal de Deportes, que adscribe a este cometido ao técnico en programación deportiva.

Terceiro: Reaxustar e comprometer o gasto de 943.676,77 € que se financiará con cargo a aplicación orzamentaria 090 34200 2120101, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2023: (6 meses): 117.959,60 €

Anualidade 2024: (12 meses): 235.919,19 €

Anualidade 2025: (12 meses): 235.919,19 €

Anualidade 2026: (12 meses): 235.919,19 €

Anualidade 2027: (6 meses): 117.959,60 €

23. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00042683A.

Adxudicación do contrato de “Subministración para a remodelación e creación dun espazo de xogos infantís singulares e naturalizados no parque da alameda de Santiago de Compostela Compostela” a JUEGOS KOMPAN SA por 248.375,00 € (S/IVE).

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto a Subministración para a remodelación e creación dun espazo de xogos infantís singulares e naturalizados no parque da Alameda de Santiago de Compostela a JUEGOS KOMPAN SA que presentou unha proposición económica de 248.375,00 €, IVE excluído.

Ademais, ofertou unha ampliación do período mínimo obrigatorio de garantía de 3 anos en 5 anos a maiores.

Desígnase como responsable do contrato o Encargado- Xefe de Parques e Xardíns, de acordo coa cláusula 19 do PCAP.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de **300.533,75 €** con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 6190001 2022 4 RLTPA 48.

24. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00047712H.

Adxudicación do “Subministro de electrónica de rede para a ampliación da infraestrutura de comunicacións e mobilidade do concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea” a ACUNTIA S.A.U.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por cumprir os requisitos exixidos nos pregos, o contrato que ten por obxecto o Subministro de electrónica de rede para a ampliación da infraestrutura de comunicacións e mobilidade do concello de Santiago de Compostela cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea a ACUNTIA S.A.U. que presenta unha oferta económica de 139.312,45 €, IVE excluído.

O licitador non oferta ampliación do prazo de garantía.

De acordo coa cláusula 19 do PCAP desígnase como responsable do contrato o xefe de servizo de Informática.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 168.568,06 €, con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 626000 con código de proxecto 2018 2 EDUSI 6 1.

Este expediente forma parte do Proxecto “Infraestruturas TIC para la Administración Electrónica y la Innovación” que conta coa financiación do “FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL (FEDER)” - “ESTRATEGIA DE DESARROLLO URBANO, SOSTENIBLE E INTELIGENTE (EDUSI)

25. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00045529R.

Reaxuste anualidades do contrato de Servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por LEXIONELA nas instalacións deportivas municipais.

Acórdase proceder ao reaxuste das anualidades do contrato de “Servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por LEXIONELA nas instalacións deportivas municipais”, adxudicado a SANIASTUR, SL, adaptándoas á realidade da subministración do seguinte xeito:

- Anualidade 2023 (15/03/2023 ata 31/12/2023) 19.255,91 euros.
- Anualidade 2024 (12 meses): 24.200,00 euros.
- Anualidade 2025 (01/01/2025 ata 14/03/2025): 4.944,09 euros

26. EDUCACIÓN. Referencia: 2023/00009740Q.

Aprobación das listaxes definitivas de admitidos/as, excluídos/as e lista de agarda nas escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2023-2024.

Acórdase:

- A aprobación das listaxes definitivas de admitidos, excluídos e listaxe de agarda, que permitan atender ao maior número de solicitudes, para o que se fará unha redistribución das unidades nas escolas infantís Municipais de Conxo (redistribución dunha unidade 2-3 a unha unidade de 1-2 anos) e Meixonfrío-Salgueiriños (redistribución dunha unidade de 2-3 a unha agrupación de 1-3), de acordo coas instrucións para os agrupamentos/redistribucións temporais da Consellería de Política Social.

- A aprobación da relación definitiva de admitidos/as, excluídos/as e listaxe de agarda nas escolas infantís municipais para o curso 2023-2024, na que se inclúen na listaxe de agarda as familias que obtendo praza quedan en listaxe na súa 1ª opción

27. UNIDADE DE RÉXIME INTERIOR. Referencia: 2023/00023731E.

Cesión de dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública de imaxes de fondos documentais do Concello para a súa migración ao Arquivo Dixital de Galicia – Galiciana.

Acórdase:

Primeiro. Autorizar a cesión dos dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública dos datos e imaxes dos fondos documentais do Concello de Santiago de Compostela depositados no Arquivo Histórico Universitario de Santiago á Universidade de Santiago de Compostela – Arquivo Histórico Universitario para a súa migración á plataforma “Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia” co fin da súa posta a disposición do público xeral.

Esta autorización supón que o Concello de Santiago de Compostela:

a) Se responsabiliza de que os bens patrimoniais obxecto de difusión pertencen ao dominio público ou, de ser o caso, posúe os dereitos de explotación necesarios sobre eles, de acordo coa Lei 21/2014, do 4 de novembro, pola que se modifica o texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril. Igualmente se responsabilizará de xestionar os dereitos de explotación sobre os bens que non pertencen ao dominio público.

b) Cumprirá coas condicións de reprodución de documentos establecidos na licenza Creative Commons Recoñecemento (CC-BY-NC-ND 4.0), que permite reutilizar as imaxes sempre que se cite a procedencia e non se realicen modificacións nen se utilicen con fins comerciais. (https://creativecommons.org/licenses/by-ncnd/4.0/deed.es_ES.)

Segundo. Comunicar este acordo á Subdirección Xeral de Arquivos e Museos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e ao Arquivo Histórico Universitario de Santiago.

28. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2023/00024238T.

Acordo para a prestación de servizo en réxime de teletraballo no Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o “Acordo para a prestación de servizo en réxime de teletraballo no Concello de Santiago de Compostela”.

Segundo.- Ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e establecer como data da entrada en vigor o día 18 de setembro de 2023.